

CONCELLO DE VIGOPraza do Rei, 1
36202 Vigo
Pontevedra

A directora xeral de Comercio e Consumo, con data 29 de decembro de 2017, ditou a resolución que de seguido, entre aspas, se transcribe:

“CPG. 29/12/2017

Taxis: Vigo

Vista a solicitude do Concello de Vigo de autorización das tarifas de taxis aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de decembro de 2017, o informe favorable adoptado pola Comisión de Prezos de Galicia o 29 de decembro de 2017, e tendo en conta o artigo 16.4 e o anexo 2 do Real Decreto-Lei 7/1996, do 7 de xuño (BOE do 8) sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica e que así mesmo fixa os prezos autorizados de ámbito autonómico, o Real Decreto nº 2695/1977, do 28 de decembro (BOE do 31), sobre medidas relativas a política de prezos, así como as competencias que lle atribúe o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, esta Dirección Xeral de Comercio e Consumo

RESOLVE:

Autorizar a aplicación das seguintes tarifas máximas (IVE incluído), para o transporte urbano en taxi para Vigo:

CONCEPTOS	Tarifas autorizadas
TARIFA 1 (aplicable en días laborais de 06:00 a 22:00 horas)	euros
Tarifa mínima (inclúe 1.700 metros e/ou 295,30 segundos)	3,65
Quilómetro percorrido	0,98
Hora de espera	20,31
Suplemento aeroporto	4,51
Suplemento IFEVI	3,15
Maletas e vultos análogos (con excepción das cadeiras de rodas)	0,57
TARIFA 2 (sábados, domingos e festivos, 24 e 31 de decembro e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)	euros
Tarifa mínima (inclúe 1.100 metros e/ou 195,22 segundos)	3,85
Quilómetro percorrido	1,09
Hora de espera	22,11
Suplemento aeroporto	4,51
Suplemento IFEVI	3,15
Maletas e vultos análogos (con excepción das cadeiras de rodas)	0,57
Suplementos 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00.00 ata as 10.00)	2,25
Suplemento ocupación a partir da 5 praza	0,52

Tarifas con IVE incluído



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017.- A Directora Xeral de Comercio e Consumo.-
Asdo/Sol M^a Vázquez Abeal.- Rubricado e selado³

O que lle comunico para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2017

A subdirectora xeral de Comercio

Marta López Quintás

